

EXPT. Nº 26/2016: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DAS "ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, PREVISIÓN DO GASTO, DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO COMITÉ DE EXPERTOS.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dada conta do expediente para a contratación da xestión das **"ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"** e vistos os Informes emitidos pola Secretaría e Intervención Municipais en data 15 de novembro de 2016, esta alcladía **resolve**:

Primeiro: Sinálase como orzamento máximo de **licitación por ano** (12 meses), a cantidade de **479.960 euros** e **por mes 39.996,67 euros**. **O valor estimado do contrato, ao longo da súa duración (47 meses, sen posibilidade de prórroga) é de 1.879.843,30 euros.**

Segundo: Aprobar o Proxecto de explotación, que contén o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Técnica de Educación, Dona Ana María Sampedro Garrido, que consta de 128 follas de data 14 de novembro de 2016 e o prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 15 de novembro de 2016, que consta de 30 cláusulas e 5 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.

Cuarto: De acordo co disposto no informe de fiscalización da Intervención Minicipal de data 15 de novembro, na aprobación do Orzamento do ano 2017, así como dos Orzamentos sucesivos que afectan a este contrato (2018, 2019 e 2020) dotarase de crédito suficiente para o financiamento do presente contrato

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidente: O Sr. alcalde do Concello de Sanxenxo, Don Gonzalo Gonzalo Pita.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña, ou na súa substitución o funcionario do Concello Don Celso Lede Porto.
- Vocais:



- O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova ou funcionario en quen se delegue.
- O Secretario Xeral, Don Ángel Luis López Pita, ou funcionario en quen se delegue.
- O Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego, facenda e comercio, Don David Otero Domínguez
- A Concelleira de benestar social, cultura, educación e normalización lingüística, Dona Sandra Fernández Agraso.

Sexto: Designar aos seguintes membros que serán os que formen parte do Comité de Expertos deste procedemento:

- A Técnica de Educación, Dona Ana María Sampedro Garrido.
- A Técnica de Cultura, Dona María Eugenia Gonzaga Alonso.
- O Tesoureiro municipal, Don Luis Ángel Sabariz Rolán.

Dada en Sanxenxo o dezaseis de novembro de dous mil dezaseis.



O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita



ante min, o secretario xeral

Ángel Luis López Pita